

## Sabías que...

Tanto os seres humanos como os animais nos comunicamos; porén, a **linguaxe humana** é moi complexa: combinamos a lingua oral con xestos, somos capaces de distinguir con que intención se nos fala, podemos referirnos ao pasado ou ao futuro...


?

## A LINGUA: UN INSTRUMENTO DE COMUNICACIÓN

A **linguaxe** defínese como a facultade que o ser humano posúe para poderlles expresar os seus pensamentos a outros. A posta en práctica da lingua que coñecemos permite, xa que logo, que sexa posible a comunicación entre os membros dunha comunidade, que é a finalidade de toda actividade verbal e unha necesidade innata ao ser humano.

### Elementos da comunicación


En calquera acto de comunicación interveñen distintos elementos: un **emisor**, capacitado para construír mensaxes, nunha situación dada (ou **contexto**) a través dunha determinada **canle**, dirixidas a un receptor ou **destinatario** que, á súa vez, ha de interpretar as mensaxes porque comparte o mesmo **código** co **emisor**. Para que exista a comunicación é necesario que todos os elementos que forman parte do acto comunicativo funcionen en plenas condicións.



### As funcións da linguaxe

A linguaxe que utilizamos para comunicarnos é un **código** formado por un conxunto de signos e regras que a organizan, e usámola nun acto de comunicación con diferentes propósitos que teñen que ver coa nosa intencionalidade comunicativa. Segundo estes propósitos, a linguaxe usada nun acto de comunicación realizará unha determinada **función**:

- **Representativa ou referencial.** A linguaxe utilizada ofrece unha información de carácter obxectivo (*Mañá nevará nas serras orientais. Vémonos ás tres*).
- **Emotiva ou expresiva.** A linguaxe serve para expresar sentimentos (*Que ganas teño de que me dean as vacacións!*).
- **Apelativa ou conativa.** Utilizamos a linguaxe para atraer a atención do noso destinatario (*Eh, achégame ese libro! Préstasme o afialapis?*).
- **Fática ou de contacto.** Usamos a linguaxe para comprobar se a canle pola que enviamos a comunicación se atopa en perfecto estado (*Estasme a oír ben? Oe, estás aí?*).
- **Poética ou estética.** Consiste en utilizar a linguaxe dun xeito especial, rechamante, fermoso ou sorprendente (*Baixo a lúa prateada resplandecía un mar de estrelas*).
- **Metalingüística.** Utilizamos a linguaxe para falar da propia lingua (*O substantivo té leva til. A lingua é un sistema de signos organizados*).



Tamén usamos a linguaxe para divertirmos con ela. Neste sentido, pódese falar dunha función lúdica, que aparece, por exemplo, nos chistes ou nas adiviñas.